

poidan face-las reclamacións que consideren oportunas, elevándose a definitivo con resolución das mesmas si as houbese.

3º—Asimesmo faise saber que, sen perxuízo das reclamacións que se poidan presentar contra o citado Padrón, o prazo de ingreso en periodo voluntario das citadas taxas, será de 60 días naturais contados partires do día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

4º—Contra a aprobación do Padrón só poderá interpoñerse recurso de reposición, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó do remate do período de exposición pública do referido Padrón (art. 14.2 do Real Decreto legislativo 2/2001 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Ley de Facendas Locais).

Ponte Caldelas, a 29 de Enero de 2013.—O Alcalde, Perfecto Rodríguez Muíños.

2013000995

A N U N C I O

O Pleno da Corporación Municipal, en sesión ordinaria celebrada o 29 de novembro de 2012, aprobou provisionalmente a modificación da Ordenanza da taxa de expedición de documentos administrativos, publicouse no Boletín Oficial da Provincia en data 11.12.12 e estivo sometida a información pública polo prazo de 30 días hábiles e, dado que, non se presentou ningunha reclamación procédese de seguido á publicación do texto íntegro:

ORDENANZA DA TAXA POLA EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS.

ARTIGO 1º. NATUREZA E FUNDAMENTO.

No uso das facultades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 20 do Real Decreto Lexilativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais, este Concello establece a Taxa pola expedición de documentos administrativos, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, que atende ao previsto no artigo 59 da citada Lei.

ARTIGO 2º. FEITO IMPOÑIBLE E EXENCIONS.

1. Constitúe o feito imponible da Taxa a actividade administrativa desenvolvida con motivo da tramitación, a instancia de parte, de toda clase de documentos que expida e de expedientes de que entenda esta Administración municipal.

2. A estes efectos, entenderase tramitada a instancia de parte calquera documentación administrativa que sexa provocada polo particular ou redunde no seu beneficio, aínda que non mediara solicitude expresa do interesado.

3. Estarán exentas desta Taxa as solicitudes para tomar parte en procedementos de selección e promoción de persoal non derivados da Oferta de emprego público.

ARTIGO 3º. SUXEITOS PASIVOS.

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades sen personalidade xurídica a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, que soliciten, provoquen ou en cuxo interese redunde a tramitación do documento ou expediente de que se trate.

ARTIGO 4º. RESPONSABLES.

Responderan solidaria ou subsidiariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas ou xurídicas ás que se refiren os artigos 40 a 43 da Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO 5º. COTA TRIBUTARIA.

1. A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa sinalada segundo a natureza dos documentos ou expedientes a tramitar, de acordo coa Tarifa que contén o artigo seguinte.

2. A cota de Tarifa corresponde á tramitación completa, en cada instancia, do documento ou expediente de que se trate, dende o seu inicio ata a súa resolución final, incluída a certificación e notificación ao interesado do acordo recaído.

3. As cotas resultantes por aplicación das anteriores tarifas, incrementaranse nun 50 % cando os interesados solicitasen con carácter de urxencia a tramitación dos expedientes.

ARTIGO 6º. TARIFA.

A tarifa desta taxa será a que figura no anexo a esta Ordenanza.

ARTIGO 7º. DEVEÑO.

1. Devengarase a Taxa e nace a obrigaçión de contribuír cando se presente a solicitude que inicie a tramitación dos documentos e expedientes suxeitos ao tributo.

2. Nos casos a que se refire o apartado 2 do artigo 2º, o deveción prodúcese cando teñan lugar as circunstancias que provoquen a actuación municipal de oficio ou cando esta se inicie sen previa solicitude do interesado pero redunde no seu beneficio.

ARTIGO 8º. DECLARACIÓN E INGRESO.

1. A Taxa esixirase en réxime de autoliquidación, e normalmente polo procedemento do selo municipal adherido ao escrito de solicitude da tramitación do documento ou expediente, ou nestes mesmos se aquel escrito non existise, ou a solicitude non fóra expresa.

2. Os escritos recibidos polos conductos a que fai referencia o artigo 38.4 da Lei 30/1992 de réxime xurídico das Administracións Públicas e Procedemento administrativo común, que non veñan debidamente reintegrados, serán admitidos provisionalmente, pero non poderá dárseles curso sen que se emende a deficiencia, a cuxo fin requirirase ao interesado para que, no prazo de dez días, abone as cotas correspondentes; co apercibimento de que, transcorrido devandito prazo sen efectualo, teranse os escritos por non presentados e será arquivada a solicitude.

3. O importe desta Taxa poderase esixir mediante o pago en efectivo, substituíndose o selo municipal por un recibo duplicado, un de cuxos exemplares unirase ao escrito e outro á copia que se devolva ao interesado.

4. As cotas serán irreducibles agás no suposto da taxa abonada por solicitudes para tomar parte nos procedementos de selección e promoción do persoal derivados da Oferta de Emprego público, xa que poderá instruíse procedemento de devolución do 50% do importe das taxas sinalados no apartado 14 do anexo desta Ordenanza, á solicitude do interesado no caso de que éste último figurase na relación de excluídos do procedemento de selección.

ARTIGO 9º. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ao disposto na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente modificación da Ordenanza Fiscal, cuxa redacción definitiva foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o 29 de novembro de 2012, entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.



A N E X O
CADRO DE TARIFAS DA TAXA:

<i>C O N C E P T O</i>	<i>IMPORTE</i>
1.—Certificados relativos ao Padrón Municipal vixente	2,15
2.—Certificados relativos aos Padróns Municipais anteriores	3,70 €
3.—Resto de certificados e informes (convivencia, etc...)	4,25 €
4.—Compulsas, cotexo e bastanteo de documentos (por cada unha)	1,05 €
5.—Fotocopias (por cada folla ou fracción)	0,10 €
6.—Copias de documentos urbanísticos	0,65 €
7.—Certificacións de informes urbanísticos	19,85 €
8.—Autorizacións ou licencias non suxeitas a outra Ordenanza Fiscal	19,85 €
9.—Envío ou recepción por medios telemáticos, (por folla ou fracción)	0,20 €
10.—Consulta ou expedición de información catastral (por folla ou fracción)	3,20 €
11.—Por cada expediente de ruína, a instancia de parte	66,15 €
12.—Por calquera outro expediente ou documento non expresamente tarifado	6,60 €
13.—Por documentos expedidos pola Policía Local:	
a) Por atestados en danos en bens privados:	80,00 €
b) Outros informes:	30,00 €
14.—Solicitude para tomar parte nos procedementos de selección e promoción de persoal derivados da Oferta de emprego público:	
a) Por cada unha dos subgrupos A1 e A2 e grupo B:	18,00 €
b) Por cada unha dos subgrupos C1 e C2 e Agrupacións profesionais referidas na Disp. Adic. 7ª do EBEP:	14,00 €

Contra o presente acordo, conforme o artigo 19 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, poderase interpor polos interesados recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte o de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Ponte Caldelas, 24 de xaneiro de 2013.—O Alcalde, Perfecto Rodríguez Muíños.

2013000918

* * *

RODEIRO

E D I C T O

Neste Concello recibíuse emprazamento polo recurso contencioso-administrativo que deseguido se retire:

- Órgano xurisdiccional: Xulgado do contencioso-administrativo núm. 3 de Pontevedra
- Número: Procedemento ordinario 0000389/2012
- Recorrente: Manuel Hermida Cidre
- Acto recorrido: Acordo da Xunta de Goberno Local de data 16 de febreiro de 2011 polo que se concede licenza municipal de obras para instalación de explotación de porcino, no lugar de Aboldrón, parroquia de Camba, a instancia da sociedade “Explotaciones Porcinas Achacan S.C.”

De conformidade co disposto no artigo 49.4 da Lei 29/1988, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, polo presente edicto emprazase ás persoas interesadas para que poidan persoarse no procedemento sinalado, e ante o órgano que se retire, no prazo de nove días contados a partires do seguinte da publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia.

Rodeiro, a 28 de xaneiro de 2013.—O Alcalde, Luís López Diéguez.

2013001015